



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

1 de abril de 2009

Nº 3/09

METEOROLOXÍA

Seguimos disfrutando de un tempo estable e soleado, aínda que con un lixeiro descenso das temperaturas mínimas de 4-5°C e as máximas alcanzaron os 22-25°C. Comezamos o mes de abril baixo a influencia das altas presións, aínda que pouco a pouco o tempo irase inestabilizando, podéndose dar nos próximos días (sobre o 5-7 de marzo) algunha precipitación puntual de carácter febre. As temperaturas non acadarán valores tan altos coma na semana pasada.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

B (Xema inchada) ata **D** (saída de follas).

Os últimos días de bo tempo están propiciando unha rápida brotación nos viñedos e incluso as castes tardías, como a treixadura, comencan a brotar.



Coidados culturais

Nas cepas comezan a brotar chupóns a altura do tronco que xa se poden eliminar antes de que adquiran maior desenvolvemento, posto que non cumpren ningunha función produtiva nas cepas. Máis ao contrario estando cerca do solo, poden servir de foco para o establecemento das contaminacións primarias de Mildeu.

Cando se apliquen herbicidas é fundamental a eliminación dos brotes do tronco con polo menos 2-3 días de antelación, xa que

absorberían facilmente o tratamento e provocarían problemas de fitotoxicidade nas cepas.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Mildeu. (*Plasmopara vitícola*)

Neste momento, aínda non se deron as condicións necesarias para producirse a infección 1ª, unha vez maduras as oosporas de conservación sexual do fungo durante o inverno, tería que haber unha lonxitude dos gomos de o menos 10 cm, unha Tª media superior os 12°C e unha chuvia contaminante de o menos 10 mm



que todavía non se produzo.

Excoriose. (*Phomopsis viticola* Sacc).

Durante os actuais estados fenolóxicos **B** a **G**, as cepas son moi sensibles á infección da enfermidade, pero ao igual que no anterior caso, sen precipitacións durante o período non hai risco de súa instalación nos pequenos brotes.

Acaros (Araña Vermella e Acariose)

Tanto os adultos de Araña Vermella (*Panonychus ulmi*) como do ácaro eriófido (*Calepitrimerus vitis*), atópanse con moi baixa presenza nas xemas e brotes. De todos modos, recoméndase vixiar a súa evolución nas próximas datas, posto que a brotación é un momento sensible aos ácaros, especialmente nos períodos de ralentización do crecemento.

Carcois

Nas explotacións xoves seguen a observarse danos provocados pola presenza de carcois, principalmente á altura dos postes e viguetas onde se refuxian os gasterópodos.

Recomendacións

So si o longo da semana se produxeran precipitacións, deberase tratar os pulgares e varas da cepas con algún dos seguintes principios activos eficaces para o control da excoriose:

Folpet	Toxicoloxía Xn-A-B-C
Mancoceb	Toxicoloxía Xi-A-A-B
Metiram	Toxicoloxía Xn-A-A-B

Estes fitosanitarios teñen acción hasta o Estado fenolóxico **G**. No caso de realizarse un tratamento fitosanitario agora, é preferible realizar a aplicación con pistola pulverizadora.

Nas videiras xoves vixiar a presenza de **carcois** e, ante súa presenza, haberá que eliminalos manualmente ou mediante a aplicación de metiocar cebo.



HORTA

Estados medios dos cultivos máis importantes

- Invernadoiro	Tomates e pementos	crecemento
	Xudías	crecemento
- Aire libre	Patacas	sementeira (c. medio)
	Patacas	crecemento (c. temperán)
	Leituga	transplante
	Repolos	transplante
	Cebola	transplante

As plantacións hortícolas deberanse realizar seguindo os **criterios de rotación de cultivos**, xa que o monocultivo favorece o desenvolvemento de determinadas pragas e enfermidades. É importante ter en conta que, cando se trata de pragas polífagas ou patóxenos con un amplo rango de hóspedes, a rotación que inclúa determinados cultivos menos sensibles a aqueles pode exercer un certo control. Isto ocorre, por exemplo, co Verme do arame que se ve influenciado co cultivo precedente. Así, cando son patacas incrementan a súa poboación, mentres outros cultivos como o tomate diminúen a súa presenza.

En **cultivos ecolóxicos** é recomendable ter en conta os efectos beneficiosos dos policultivos no control de pragas. Algunhas das relacións vexetais máis coñecidas pódense consultar ao final deste boletín.

Ademáis as herbas aromáticas (romero, salvia, etc) son indicadas para a repelencia de algúns insectos cando se implantan nos bordes das leiras.

Incidencias

O igual que na semana pasada seguen observándose importantes colonias do homòptero pulgón verde (*Myzus persicae*) sobre todo en leituga e pementos de invernadeiro.

Nas plantacións de coles-repolo xa se empezan a observar os primeiros síntomas da Mosca dos sembrados (*Delia sp*), provocando a morte das plántulas ao ser perforadas no seu cano. Tamén o pequeno escaravello de 2-3 mm ou Pulguíña



Larve da Osca dos sembrados



Adulto de Pulgilla en semillero



Danos de Pulguilla en cultivo



segue HORTA

das crucíferas (*Phyllotreta sp*), que está ocasionando danos de alimentación nas follas das mesmas e incluso pode destruír as plantas xoves, sobre todo se persisten as condicións ideais de desenvolvemento da praga con tempo cálido e seco.

En canto ás enfermidades, como Mildeu ou Sclerotinia nos cultivos hortícolas, polo momento non se observa síntomas nin hai previsión de presión de infección para os próximos días, debido a persistencia do tempo seco que se está a dar.

Recomendacións

Nas explotacións con presenza de pulgón pódese aplicar algún dos principios activos autorizados: AZADIRACTÍN, PIMETROCINA, IMIDALOCROPID, DELTAMETRÍN, LAMBDA CIHALOTRÍN, ALFA CIPERMETRÍN, BIFENTRÍN, CIPERMETRÍN, METIL CLORPIRIFOS, METIOCARB OU PIRIMICARB.

En leituga é moi importante detectar a súa presenza antes do cerrado do cogollo posto que máis tarde é moi difícil controlalo, xa que os tratamentos non alcanzan a zona basal da planta.

A fauna auxiliar exerce un importante control sobre algúns dos parásitos danos aos cultivos, control que pasa desapercibido se non observamos o seu desenvolvemento, vixiando a súa presenza no cultivo. Este control natural pode reducir os tratamentos fitoquímicos de xeito que convén utilizar materias activas que respeten a fauna auxiliar.

No caso do pulgón verde (*Myzus persicae*), existen un gran número de inimigos naturais, uns máis activos que outros contra a plaga. Nas fotos que se xuntan pódense ver dous deles, *Aphidoletes aphidimiza* e *Crysopa sp*.



Crysopa spp.



Coccinella septempunctata

Para coñecer os efectos secundarios dos fitosanitarios nos diferentes organismos benéficos, podémonos informar nas páxinas web de control biolóxico (kopert.com, biobest.ca,...) ou no enlace colgado na Junta de Andalucía, <http://dgpa.besana.es/ocb/efectosSustancia.do>, entre outros moitos.

Nas parcelas de **coles** con mortandade importante ou crítica das plantas debido as larvas da Mosca dos sembrados, poden ser controlados con CLORPIRIFOS 5% [GR] P/P e, se hai afeción de Pulguiñas na masa foliar que superen o umbral de



Nas parcelas de **coles** con mortandade importante ou crítica das plantas debido as larvas da Mosca dos sembrados, poden ser controlados con CLORPIRIFOS 5% [GR] P/P e, se hai afeción de Pulguiñas na masa foliar que superen o umbral de tratamento establecido en 15% de plantas con presenza da praga, pódese tratar con algunha das materias activas autorizadas DELTAMETRÍN 1,5% [EW] P/V ou DELTAMETRÍN 1,5% [EW] P/V. Os tratamentos fitosanitarios en coles necesitan da acción complementaria de mollantes no tanque para que o rociado fitosanitario no cultivo non se lave.

Anexo

Cultivos presentes en policultivo	Patóxenos que reducen a presenza	Mecanismo de control
Cenoria e cebola	Mosca da cenoria (<i>Psylla rosae</i>)	A mosca ten dificultade en encontrar o cultivo e ovoposar por enmascaramento aromático da cenoria.
Col e Cobertura de Trébol	Mosca da col (<i>Delia radicum</i>)	Alteración da conducta da mosca e aumento dos depredadores e parasitoides.
Col e Ray grass ou Trébol	Áfidos	Alteración da conducta do áfido, que coloniza menos o cultivo, e aumento dos depredadores (principalmente de Sífidos).
Tomate e Col	Polilla da Col (<i>Plutella xylostella</i> e outras)	O tomate provee unha sustancia química que repela a praga.
Millo e leguminosas	Eirugas de varias especies	Maior actividade de depredadores, sobre todo carábidos.
Coles e Veza ou Fabas	Pulguillas de varias especies (<i>Phylotreta sp.</i>)	Alteración da conducta da praga que coloniza menos o cultivo.
Millo e Xudía ou Cabazas	Trips	Aumento das poboacións do predador de trips Orius sp.
Tomate-Pemento ... e cobertura de Tagetes.	Nematodo <i>Meloidogyne</i>	Acción repelente
Tomate e Xudía	Rosquilla verde (<i>Spodoptera exigua</i>)	A xudía actúa como cultivo trampa atrainte.